



fest igual 2024

A CORUÑA

do 30 de outubro
ó 29 de novembro



información en
festigual.gal

Organizan:



Colaboran:



Xestiona:





O Festigual regresa á Coruña do 30 de outubro ao 29 de novembro, cunha programación que reivindica o acceso á cultura para todas as persoas, **consolidando á cidade como referente nas reivindicacións sociais e faro cultural**. Nesta oitava edición, o Festigual presenta unha das súas programacións máis completas, abrangendo **dende teatro, música, danza, exposicións e graffitis, ata encontros formativos e actividades comunitarias**.

A vangarda cultural e a diversidade, sinais de identidade.

Durante máis dun mes, o Festigual converterá A Coruña nun espazo de encontro e convivencia a través das artes, ofrecendo **unha programación que destaca por poñer no centro a diversidade e a inclusión**. A proposta busca expandir o impacto cultural e sensibilizar sobre a necesidade de crear espazos compartidos, accesibles e con participación real para todas as persoas, independentemente das súas capacidades. O festival abrirá o día 30 de outubro co espectáculo “Cerebro Artes Acción”, unha colaboración entre Ex-



perimentadanza e a Banda Municipal de A Coruña, que explora a complexidade do cerebro humano a través da danza e o teatro. Esta edición tamén contará coa terceira edición de “Música baixo as estrelas”, un concerto moi especial protagonizado por artistas de rúa da cidade, que terá lugar o 3 de novembro no Teatro Colón.

A programación do FESTIGUAL 2024 incluírá tamén espectáculos de reflexión sobre a exclusión e a discapacidade con pezas como “Nada de Sabe”, unha coprodución do Centro Dramático Galego e Culturactiva Producións que chega por primeira vez á Coruña; mentres que espectáculos como “O Misterioso Cabarel do Sr. Pilgrim... E Freestyle”, “A proxección sonora III. La fábrica Iluminata” ou a multipremiada “Puños de Harina” afondarán en temáticas sociais como o racismo, a violencia e a diversidade cultural.

Festigual propón unha programación que combina vangarda e reflexión, abrindo espazos de encontro e participación accesibles a todas as persoas. As propias usuarias de asociacións como Poten100mos ou AÍS subiranse ao escenario para amosar que a creatividade non ten barreiras.



Entre as actividades destacadas, atopamos tamén o concerto “Músicas Inclusivas y Participativas”, onde Robert Pier, xunto co Coro Diversos Funcionais, ofrece un espectáculo que mestura música e emocións compartidas. Á arte urbana tamén terá o seu espazo co proxecto de “Graffiti Inclusivo”, unha proposta colaborativa que promove a participación de usuarias de centros sociais.

Máis alá dos eventos ao vivo sobre o escenario, tamén poderemos desfrutar dunha exposición da Sociedade Filatelica de A Coruña, visitas virtuais polo Museo de Belas Artes e unha xornada profesional ao redor das artes e a saúde.

Ademais, os concertos de **Fillas de Cassandra** e **Chungo Pastel** apostan pola fusión de tradición e modernidade, ofrecendo unha experiencia acústica accesible a todos os públicos.

Cada un destes eventos completa unha programación pensada para xerar espazos inclusivos, onde a diversidade e a vangarda se dan a man. Ademais, todas as actividades serán de balde, co fin de garantir a accesibilidade total da cidadanía á cultura.



Festigual, o festival de todas

Xa son oito anos facendo cidade na Coruña. Oito anos rompendo coas trabas que se atopan moitas persoas á hora de crear e consumir cultura. O Festigual — Festival das Artes Inclusivas da **Fundación Emalcsa** desenvolvido polo **Concello da Coruña** — nace e perdura cun fin: xerar espazos de convivencia e transformación ao redor das artes.

A programación, pensada para facilitar o acceso á cultura a calquera persoa independentemente das súas capacidades, espállase ao longo de varias semanas complementando a axenda cultural da cidade con propostas para todas. A través de distintas disciplinas artísticas, non só pretende concienciar sobre a urxencia de facilitar espazos nos que todo o mundo poida acceder ás artes, senón tamén da necesidade de crear dende as marxes para que o público xeral poida ampliar olladas.

Festigual trata de escapar dos circuitos normativos da cultura, moitas veces capacitistas, para construír un festival que poña no centro a accesibilidade e o goce de toda a poboación. Un proxecto colaborativo que é posible grazas ás usuarias das entidades sociais que traballan durante todo o ano para que esto se faga realidade.



Programación 2024

30 de outubro

Cerebro, artes, acción

Experimentadanza e a Banda Municipal da Coruña

Centro Ágora ás 12:00h e ás 20:00h*

3 de novembro

Música Baixo as Estrelas

**Con Sophie Simonds, Pulpiño Viascón, Misuria Blues, Roza-
dura e Dani Blanco. Presentan Fran Rei e Corina Alfonso**

Teatro Colón ás 19:00h

7 de novembro

Museo Virtual. Os amigos do Museo de Belas Artes*

Centro Ágora ás 18:30h

-

A proxección sonora III. La fábrica Iluminata. Asoc.

Cultural AIS

Centro Ágora ás 19:30h

O misterioso Cabarel do Sr. Pilgrim... E freestyle.

Asoc. Poten100mos

Centro Ágora ás 20.00h



8 de novembro

Graffiti Inclusivo. Asociación Participa
Centro Amigó Os Mallos ás 17:00h

9 de novembro

Xornada de Arte e Saúde*
Hospital de Oza. Toda ao día

Pies de barro. Rebeca Ponte e Elvís García
Hospital de Oza ás 18.30h como peche da xornada

14 de novembro

Puños de Harina. El Aedo Teatro
Centro Ágora ás 12:00h e ás 20:00h*

17 de novembro

Museo Virtual. Os amigos do Museo de Belas Artes*
Centro Ágora ás 18:00h

Nada se sabe

Culturactiva Producións e Centro Dramático Galego
Teatro Colón ás 19:00h



27 de novembro

Fillas de Cassandra *Acústico* + Chungo Pastel

Centro Ágora ás 20:00h

29 de novembro

Músicas Inclusivas e Participativas

Robert Pier e o Coro Diversos Funcionais

Centro Cívico Os Mallos ás 20:00h

Do 28 de novembro ao 15 de decembro

Exposición: XV aniversario da Torre de Hércules

Patrimonio da Humanidade

Sociedade Filatélica de A Coruña

Sala Municipal de Exposicións Salvador de Madariaga.

De luns a domingo. De 12.00h a 14.00h e de 18.00h a 21.00h

***As actividades marcadas co símbolo * requiren de ins-
crición previa en www.festigual.gal***



Asociación Poten100mos

O misterioso Cabarel do Sr. Pilgrim... E freestyle

Os personaxes están atrapados entre o pasado e o presente. Contan as mesmas historias unha e outra vez. Non saben se están vivos ou mortos. Este espectáculo combina teatro, danza e movemento libre. A obra preguntase: quen poderá escapar? Facilitarase audiodescrición para persoas cegas. Será necesario levar auriculares propios. Tamén será accesible para persoas xordas a través de lingua de signos e bucle magnético.

Asociación Cultural AIS

A proxección sonora III. La fábrica Iluminata

Este espectáculo mestura teatro, música e sons do entorno onde participan máis de 12 persoas, entre elas, 8 con discapacidade auditiva e/ou intelectual. A historia inspírase na obra "La fábrica iluminata" de Luigi Nono. Esta obra didáctica fala da vida do compositor, un dos máis prestixiosos da música contemporánea, a través dos traballadores e traballadoras que reclaman os seus dereitos e dan voz á revolución nas fábricas.



Amigos do Museo de Belas Artes **Explorando o Museo**

Un novo xeito de vivir o Museo. Unha sesión que ofrece un percorrido virtual e inmersivo polas salas de exposición do Museo de Belas Artes. Os participantes poderán moverse libremente por seis salas utilizando lentes VR. Actividade para grupos reducidos. Necesaria inscrición previa en www.festigual.gal

Asociación Participa **Graffiti inclusivo**

Este programa socio-comunitario promove a creación conxunta de murais inclusivos por parte de alumnado e persoas usuarias de centros sociais, utilizando o graffiti como ferramenta artística. O obxectivo é fomentar a participación social nun espazo de encontro saudable, destacando a cultura como un motor de cambio individual e colectivo.



Xornada de Arte e Saúde. Conversas, talleres e conferencias

Esta xornada trata sobre o uso da arte para mellorar a saúde e os coidados nos hospitais. Falarase de como a fotografía, a música e a arte axudan a pacientes en psiquiatría e a persoal sanitario a sentirse mellor. Tamén se presentan proxectos de arte para a comunidade e haberá un concerto, exposicións e talleres para aprender máis sobre estas terapias.

Rebeca Ponte e Elvis García **Pies de Barro**

Unha peza curta de artes escénicas. Unha reflexión sobre como os nosos propios límites, autosabotaxes, traumas e medos nos condicionan no avance dos nosos desexos e nas nosas relacións.



El Aedo Teatro **Puños de harina**

Racismo. Homofobia. Violencia. Masculinidade. Este monólogo conta dúas historias en paralelo sobre o boxeo e a cultura xitana. A primeira é de Rukeli, un boxeador xitano-alemán que loitou contra Hitler na Alemaña nazi. A segunda é de Saúl, un mozo xitano dos anos 80 que busca a súa identidade e enfróntase á súa familia. A historia de homes que procuran ser “homes de verdade”.

Centro Dramático Galego e Culturactiva **Nada se sabe**

Nada se Sabe é unha obra que reflexiona sobre a exclusión e a discapacidade. A través de textos clásicos como Filoctetes, catro actores revisan como a sociedade non sempre inclúe ás persoas diferentes. A peza destaca a importancia de cuestionar prexuízos e entender a diversidade desde novas perspectivas.



Fillas de Cassandra

En acústico

Apostan por recuperar melodías tradicionais e crear novas letras. As súas cancións están inspiradas na tradición oral, pero con influencias do pop, da música electrónica e da música clásica. O seu espectáculo é teatral e fai que o público participe, sempre cunha mirada feminista e actual. O piano e a percusión mézúranse con bases electrónicas. Concerto con posibilidade de mochilas vibratorias e LSE.

Chungo Pastel

Grupo de música da fundación Igual Arte de pop-rock. Formado por batería, baixo, guitarra eléctrica, teclado e pequena percusión. No seu espectáculo inclúen repertorio propio e versións de cancións ben coñecidas por todas. Ademais, Chungo Pastel e Fillas de Cassandra interpretarán un tema conxunto. Concerto con posibilidade de mochilas vibratorias e LSE.



Robert Pier e o Coro Diversos Funcionais **Músicas Inclusivas y Participativas**

Un concerto semiacústico a cargo de Robert Pier, con guitarra e voz amplificada, xunto co Coro Diversos Funcionais. Haberá unha proxección audiovisual de presentacións sobre os Mantras das Emocións, acompañada de charlas explicativas sobre o seu significado. Robert e persoas con diversidade funcional compartirán as emocións que xorden neste proceso, combinando música e aprendizaxe.

Sociedade Filatélica de A Coruña **Exposición: XV aniversario da Torre de Hércules Patrimonio da Humanidade**

A exposición está organizada co Concello da Coruña para celebrar os 15 anos do nomeamento da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade. A mostra está centrada neste monumento e inclúe coleccións nacionais sobre a Torre de Hércules, os faros e outros monumentos de España que tamén son Patrimonio da Humanidade. Nesta exposición tamén se presentará o proxecto “A miña primeira colección de Selos”.



*Quieres saber algo más?
Falamos!*

festigual.coruna@gmail.com

Alex Nieves | 618 26 96 87
Lara Dopazo | 697 81 23 62



**fest
igual
2024**
A CORUÑA

**información en
festigual.gal**